

Informe

4

novembro
2010

Por un proxecto de futuro para o idioma galego. Unha reflexión estratéxica

Henrique Monteagudo,
coa colaboración de Antón Reixa



ÍNDICE

O consenso sobre a política lingüística en Galicia: Da reforma da normativa ao Plan Xeral de Normalización	4
A ruptura do consenso lingüístico. A viraxe do PP e a resposta do goberno BNG / PSdeG	5
Escenarios de futuro. Os retos do galeguismo político	7
A aposta pola diversidade. O bilingüismo restitutivo	9
Conclusión. Sumar, non restar, competencias lingüísticas. O castelán e o portugués	12

**Por un proxecto de futuro para o idioma galego.
Unha reflexión estratéxica**

**Henrique Monteagudo,
coa colaboración de Antón Reixa**

e coas adhesións de
Luis Tosar
Manolo Rivas
Suso de Toro
María Xosé Porteiro
Teresa Taboas
Xoán Antón Pérez Lema
Manuel M. Barreiro
Encarna Otero
Margarita Ledo
Miguel Barros
Víctor Freixanes
Antón Baamonde
Fermín Bouza
Rafael Cuíña
Xosé Manuel Pereiro
César Portela
Manuel Gallego Jorreto

O CONSENSO SOBRE A POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALICIA: DA REFORMA DA NORMATIVA AO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN

Hai soamente cinco anos a política lingüística en Galicia parecía encarreirada por un bo camiño. O amplo consenso de base que presidira a aprobación da *Lei de Normalización Lingüística* nos comezos do proceso autonómico (1983), e do que un sector significativo do nacionalismo galego se mantivera á marxe, conseguira no primeiro lustro da presente década unha notable ampliación e ao tempo a súa aparente consolidación, coa incorporación do groso dese sector. A decisiva ampliación deste consenso de base acerca da política lingüística producírase en parte pola propia evolución do nacionalismo cara a posicións máis maduras, na procura de ofrecer propostas asumibles pola maioría da sociedade, e en parte polas propias dinámicas sociolingüísticas e sociopolíticas do país, que espallaran a convicción de que era imprescindible artellar e pór en práctica unha política lingüística fundada nun amplo consenso social se se pretendía avanzar cara ao obxectivo ao que, tal como se parecía entender maioritariamente daquela, apuntaba (ou permitía apuntar) a lexislación: promover o galego ao estatus legalmente recoñecido de ‘lingua propia’ de Galicia (por tanto, idioma de referencia do país nos planos simbólico, institucional e público), en situación de plena igualdade real e efectiva (non só formal) co castelán nos ámbitos sociais máis significativos.

Aquela maduración dos proxectos sociolingüísticos e a conseguinte ampliación da base de apoio para unha política lingüística que visase unha efectiva promoción do galego concretouse en dúas iniciativas fundamentais, nas que, interesa subliñar, foi tan relevante o proceso que se emprendeu coma o resultado ao que se chegou: primeiro, no terreo propiamente idiomático, a xestión e sanción oficial –da Real Academia Galega– da reforma da *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (2003); segundo, no terreo sociopolítico, a elaboración e aprobación por unanimidade do Parlamento de Galicia do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, un ano despois (2004). A primeira iniciativa permitía dar por superadas dúas décadas de disenso normativo, un disenso daniño para o idioma pero tamén profundamente divisivo para o galeguismo. A aprobación do *Plan Xeral de Normalización* daba argumentos para que o nacionalismo asumise unha liña político-lingüística que, ao menos en principio, tiña cabida no marco legal e non discrepaba nos aspectos fundamentais do consenso que se viñera forxando desde a posta en marcha da autonomía.

De certo, nin unha medida nin a outra supuñan a panacea dos males do idioma galego, nin tampouco se pode afirmar que calquera das dúas suscitara un consenso social unánime, nin sequera dentro do nacionalismo ou o galeguismo. Nos dous casos, houbo sectores descontentos tanto pola banda dos que estimaban que se ía demasiado lonxe (cara ao portugués na normativa idiomática; favorecendo o galego e en detrimento do castelán na planificación lingüística), coma dos que esixían chegar máis alá nos dous sentidos. Pero dificilmente

se pode dubidar de que no seu momento, eses dous pasos supuxeron avances importantes cara a unha recondución da política lingüística en Galicia con apoios sociais máis amplos e por vieiros máis prometedores. E isto é especialmente importante, pola súa propia relevancia política, no caso do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*.

A RUPTURA DO CONSENSO LINGÜÍSTICO. A VIRAXE DO PP E A RESPONSTA DO GOBERNO BNG / PSdeG

Non obstante, aos dous anos da aprobación deste *Plan*, á altura de 2006, xa comezaban a facerse visibles as fendas daquel aparente consenso político e social, unhas fendas que se foron tornando en grosas fisuras despois da aprobación do decreto de bilingüismo no sistema educativo aprobado polo goberno de coalición Bloque Nacionalista Galego / Partido Socialista de Galicia-PSOE (2007), e acabaron en insondables cavorcos ao longo de 2009 e 2010, coa campaña electoral autonómica, o cambio de goberno galego para as mans do Partido Popular e o novo decreto do plurilingüismo aprobado por este goberno. É verdade que unha viraxe tan pronunciada en tan pouco tempo só pode ser explicada á luz dunha extrema fragilidade duns consensos que parecían sólidos á altura de 2005. E un dos factores desa fragilidade reside no propio proceso de aprobación do *Plan Xeral*, non tanto na súa fase de elaboración (durante a cal participaron os axentes máis representativos dos sectores atinxidos, ao longo dunha reflexión e unha discusión aceptablemente abertas e repousadas) coma na fase da súa tramitación e aprobación parlamentaria, practicamente de urxencia e sen dar ocasión ao debate, nin parlamentario nin público. Esta falla de debate, explicación e defensa pública están na base da debilidade do acordo, unha febleza que a dinámica posterior puxo de vulto.

A clave desa precipitación no crucial tramo decisivo de xestación do *Plan Xeral de Normalización* atopábase na propia situación interna do Partido Popular, dada a deriva cada vez máis acelerada cara ao centralismo da dirección española do partido (especialmente despois da perda das eleccións xerais en marzo de 2004). Os responsables do *Plan Xeral de Normalización* dentro da Xunta de Galicia, e probablemente tamén a maioría da dirección do PP de Galicia, teme que un debate público aberto e prolongado disparase as alarmas dos sectores máis antigaleguistas do propio Partido, coa conseguinte reacción da dirección madrileña, o que arrastraría a unha lideira interna das distintas faccións do PP arredor daquel *Plan*, e isto podería rematar por abortar todo o proceso. Probablemente conscientes dese perigo, os partidos da oposición, BNG e PSdG, admitiron responsablemente unha tramitación parlamentaria do plan practicamente de urxencia. Sexa como for, este aprobouse sen pasar por unha

imprescindible deliberación pública, que permitise darlle unha difusión social ampla, popularizar os seus obxectivos máis relevantes, esclarecer os malentendidos, dúbidas e reticencias que certos aspectos podían levantar, e poñer de relevo (e, ao menos nalgúns casos, disolver ou prever) as resistencias con que podía atopar a súa implementación.

Canto aos elementos que provocaron mudanzas no escenario socio-político que axuden a explicar a crise que comezou en 2006 e aínda estamos a vivir na actualidade, coa conseguente creba do consenso político-lingüístico básico, podemos salienta os seguintes en diferente grao de importancia e incidencia:

- Paso do Partido Popular á oposición, tanto no goberno central de España (2004) canto, especialmente, no autónomo de Galicia (2005). O primeiro xa ocorrera cando se aprobou o *Plan Xeral* no Parlamento de Galicia, pero non cando se puxo en marcha a súa elaboración. O segundo foi posterior á súa aprobación. Ao parecer, o PP só estaba disposto a arborar un PXNL como o aprobado no Parlamento en 2004 cando dispuña do goberno e da maioría, unicamente na hipótese de que o propio PP fose o encargado de implementalo desde o goberno, pero non contemplou a hipótese de que o desenvolvesen outras forzas políticas desde a Xunta. Dado que, nos feitos, iso foi así, o PP cometeu unha fraude da que as vítimas son o idioma e o pobo galego, non só o BNG e o PSdG.
- Cambio de maioría interna no PP de Galicia. A nova dirección do PP desentendeuse do compromiso solemne que significaba o seu impulso á elaboración do *Plan Xeral* cando gobernaba a Xunta. Este cambio de actitude só se pode cualificar de oportunismo político.
- Utilización abusiva e partidista por parte da dirección do PP de certo sentimento de inferioridade dunha parte importante da sociedade galega cara o seu idioma co único obxectivo de tentar tirar réditos electorais. Non e menos significativo para o éxito desta operación o acompañamento que algún ámbito mediático ofreceu a esta estratexia e o silencio cómplice de determinadas elites do país ante semellante iniciativa. Foi así como a campaña da falsa imposición do galego puido abrirse paso para galvanizar os sectores do PP máis refractarios ao galego e para desmobilizar os sectores electorais máis moderados de orientación galeguista.
- A falla histórica de promoción, por parte das institucións públicas (sistema educativo, medios de comunicación públicos, aparello administrativo e político en xeral), especialmente das do

estado central, dunha cultura política e cidadá do pluralismo, lingüístico e cultural. Pervivencia da vella cultura centralista, uniformista e de supremacía do castelán, sobre todo na España castelanfalante monolingüe.

- A existencia de franxas sociais da España castelanfalante, no centro e nas periferias bilingües, que se senten prexudicados polas políticas de promoción do galego e doutras linguas: sectores do funcionariado (profesorado, maxistratura, ...), dos medios de comunicación (redución do mercado), da intelectualidade, das elites socioeconómicas detentoras dos vellos valores de prestixio que a emerxencia das linguas / culturas pon en cuestión.
- A falta de decisión por parte da dirección do PSdeG para abrazar con claridade unha política coherente de defensa do noso idioma e a comisión, nalgúns casos, do erro de avalar a cultura política refractaria contra o idioma auspiciada polo PP ,dando por boa a falsa teoría da imposición do galego.
- No caso do nacionalismo, a pervivencia dunha análise, dun proxecto e dun discurso lingüístico escasamente atractivo e desfasado no tempo. Os progresos que se fixeron na liña da ‘defensa da convivencia’ semellan parches que non remedian o mal de fondo. En xeral as organizacións cívicas , grazas ao seu notable arraigo e movidas pola necesidade de actuar con eficacia en sectores sociais amplos, sentiron a necesidade de concertar, temperar ou compensar eses desaxustes de fondo, pero a falla dunha reflexión estratéxica sólida resta efectividade a estes honestos esforzos.

ESCENARIOS DE FUTURO. OS RETOS DO GALEGUISMO POLITICO

O proceso de normalización da nosa lingua precisa de moitos puntos de apoio, mais entre todos eles hai un imprescindible: a vontade individual dos cidadáns galegos que utilizan todos os días, en todas e cada unha das súas actividades, o galego. O aumento continuo no número de cidadáns que vivan en galego é peza fundamental para a viabilidade de calquera estratexia de normalización presente ou futura e debe ser o seu obxectivo básico. Dende esta convición resulta evidente que o galeguismo político foi tradicionalmente o máis firme baluarte político na defensa da nosa lingua pero non debería pasar desapercibido que o seu discurso sobre a lingua foi construído nunhas circunstancias moi particulares (finais da década dos setenta e primeiros anos oitenta), e a súa falta de adaptación ás novas circunstancias podería rematar por convertelo en desenfocado, inadecuado e destinado ao

fracaso. Por isto propomos unha reflexión construtiva para o artellamento dunha nova estratexia que cando menos teña en conta os seguintes aspectos:

1. Superar a análise da situación de bilingüismo social desigual (diglósico en orixe) entre o galego e o castelán en termos de conflito lingüístico inevitable e que soamente se podería superar mediante a normalización do galego ou ben a súa extinción. Desde este punto de vista, o conflito lingüístico é entendido como rivalidade a morte entre as dúas linguas. Nós entendemos que o conflito lingüístico non é inherente a toda situación de bilingüismo social, senón que aparece cando se produce a mobilización dun grupo ou sector discriminado que aspira á igualdade, e esta mobilización desata unha reacción á contra de parte do grupo privilexiado. Desde esta perspectiva, o conflito lingüístico é unha situación circunstancial (o que non significa efémera, pola contra, pode ser duradeira) que se desencadea como consecuencia da resistencia de determinados poderes ou grupos privilexiados ante as tentativas de conseguir un reaxuste igualador. Pero o conflito lingüístico non necesariamente desemboca na imposición dunha lingua e a liquidación da outra, senón que pode irse resolvendo mediante sucesivos acomodados que os grupos atinxidos consideren aceptables, e que signifique melloras cara a unha situación xusta e equitativa.
2. Non confundir a actitude individual de uso monolingüe do galego por parte das persoas galegofalantes, tan desexable como imprescindible para o proceso de normalización, coa idealización dunha inviable sociedade monolingüe. Non se pode equiparar normalización lingüística co chamado monolingüismo social e o conseguinte rexeitamento de calquera tipo de bilingüismo. Denomínase monolingüismo social unha situación en que o galego cubriría a totalidade do espazo público e o castelán quedaría limitado ao uso privado, segundo un modelo de oficialidade territorial para o galego (o galego sería a única lingua oficial de Galicia), e aplicando o principio de oficialidade persoal para o castelán (os castelánfalantes terían recoñecidos dereitos lingüísticos individuais). Este é un modelo inspirado no ideal do estado uninacional e a nación monolingüe: unha nación = un estado = unha lingua. Pero este ideal non pode considerarse universal; pola contra, xurdiu nunhas coordenadas históricas e xeográficas moi concretas (a Europa do século XIX). Non pode pretenderse que sexa aplicable ou desexable para calquera situación. En particular, nas circunstancias da Galicia actual e previsiblemente futura, o nacionalismo cívico e o galeguismo político teñen motivos sobexos para se distanciar criticamente dese modelo.

No caso español, e particularmente no galego, a aplicabilidade dese modelo revélase moi problemática, porque o Estado español é constitutivamente plurinacional e plurilingüe, mentres que Galiza é unha nación sen estado e bilingüe. É certo que desde o punto de vista histórico, o galego é a lingua orixinaria de Galicia e o castelán é un idioma sobrevivendo, imposto desde fóra. Por iso o galego está oficialmente recoñecido como lingua propia de Galiza, condición que non se predica do castelán. Pero non o é menos que a estas alturas do século XXI resulta simplista considerar o castelán unha lingua estranxeira no noso país, tendo en conta os varios séculos de convivencia co galego e sobre todo a súa implantación social. Nas cidades e vilas de Galicia residen non poucas familias galegas que son total ou maioritariamente castelanfalantes desde hai dúas ou máis xeracións. En termos do conxunto do Estado, o castelán é de feito unha lingua de comunicación (nese senso, común) pero non só como idioma utilizado de xeito puramente instrumental polos/as falantes doutros, senón con arraigo en todas as comunidades con lingua propia privativa. Nese contexto, o modelo de cooficialidade fundado estrictamente no principio territorial, e a creación dos correspondentes espazos monolingües (en castelán, galego, catalán e eusquera) non parece unha solución nin realista nin acertada. Tamén é certo que para o mantemento do plurilingüismo é imprescindible que as linguas propias das distintas comunidades obteñan un reforzo específico.

A APOSTA POLA DIVERSIDADE. O BILINGÜISMO RESTITUTIVO

En contextos coma o exposto, cobran todo o seu valor as nocións de plurilingüismo, bilingüismo e respecto á diversidade: o estado español concibido como un espazo plurilingüe e pluricultural dotado de pleno recoñecemento legal, institucional e social, e as comunidades con lingua propia instaladas nun bilingüismo equitativo, con pleno recoñecemento de dereitos iguais para a lingua propia e a do estado, e con garantías de mantemento e desenvolvemento da primeira, grazas ao apoio das institucións de autogoberno e da propia sociedade (pois, pola súa propia forza demográfica, económica e cultural, a segunda non as precisa). As linguas propias das comunidades bilingües, nomeadamente o galego en Galicia, precisan un pleno recoñecemento do estado, un respaldo enérxico das institucións galegas e un compromiso social amplo; pero non co obxectivo de expulsar o castelán nin discriminar os castelanfalantes do noso país, senón co obxectivo de asentar solidamente o galego, garantir o seu desenvolvemento e o seu futuro e ofrecer aos seus e súas falantes a plenitude e igualdade dos seus dereitos.

A idea de que o bilingüismo ou é insustentable ou é necesariamente desigual carece de fundamento racional ou empírico. As fórmulas de convivencia nos espazos plurilingües son variadas, e,

naturalmente, mudan ao compás da evolución das respectivas sociedades. É perfectamente concibible unha situación de convivencia pacífica e igualitaria de dous grupos lingüísticos (de feito, mutua e fondamente interpenetrados) nun espazo social compartido e un contexto de liberdade individual. Para isto, é imperativo que o grupo que está en situación desvantaxada a consecuencia dunha discriminación histórica por parte do estado e dos poderes sociais, reciba un tratamento de reforzo que lle permita acadar unha situación de igualdade. Conseguido isto, a lingua que obxectivamente é menos forte (en termos demográficos, económicos e outros) contará ao menos por un período cunha protección especial para garantir a súa viabilidade e a súa capacidade para resistir a competencia da lingua máis forte. Nesas condicións, a evolución da convivencia entre os grupos e as linguas dependerá de dinámicas abertas propias das sociedades democráticas. Será tarefa do galeguismo atraer á maioría da poboación cara á lingua propia do país, contando para isto, entre outros, cos valiosísimos resortes que pon ao seu dispor o exercicio democrático do poder institucional. E a devandita atracción cara ao galego só se poderá conseguir asociando a lingua do país cos sectores sociais máis innovadores e con iniciativas e propostas de progreso.

A renovación do proxecto e do discurso de defensa e promoción do galego debe ter como obxectivo revertir a pauta actualmente dominante de *bilingüismo substitutivo* ou *desgaleguizador*, por un *bilingüismo restitutivo* ou *de recuperación*, isto é, *regaleguizador*. Este segundo tipo de bilingüismo é, de feito, o único que permitirá frear a minorización progresiva, e finalmente a desaparición do galego. E este tipo de bilingüismo non pode fundarse nunha actitude neutral dos poderes públicos, no sentido de fomentar un aparente equilibrio entre o galego e o castelán xusto nos dominios en que a acción do estado pode ser máis eficaz (administracións públicas, sistema educativo), pois esta actitude en realidade validará a actual marxinación ou subordinación do galego nunha serie de dominios clave da vida social (educación superior, medios de comunicación, ámbito profesional, laboral, comercial e financeiro, lecer e cultura de masas), e por tanto acompañará o decadencia do idioma propio do país, sen ningunha posibilidade de revertela.

O tipo de bilingüismo que propugnamos deberá tender a un tratamento *equitativo* (non un falsamente equilibrado) dos dous idiomas, o cal significa que aplicará *políticas de acción afirmativa* (discriminación positiva) a favor do que se atopa en situación máis desfavorable, o galego, unhas políticas que se apoian na consideración deste como idioma propio do país, tal como sinala o Estatuto de Autonomía de Galicia, e que se dirixirán a manter e incrementar a súa vitalidade e a súa plena normalización. Para conseguir un tipo de bilingüismo restitutivo ou equitativo, que non sirva de trámite de transición cara á desaparición do galego, é preciso que ao galego se lle outorgue unha posición de preferencia nalgúns

sectores, como as administracións e os medios de comunicación públicos e o sistema educativo (ao menos, o non universitario), que veña na compensar a posición subordinada en que se atopa noutros (nalgúns dos cales, coma os medios de comunicación privados, pola propia lóxica das cousas, dificilmente poderá equiparase co castelán).

Tratarase, pois, da inversa do bilingüismo substitutivo ou desgaleguizador que agora predomina, isto é, dun bilingüismo restitutivo ou regaleguizador. Debemos ter en conta que o sector galegofalante da poboación xa é necesariamente bilingüe, pois a presenza pervasiva do castelán na vida pública e nos medios de comunicación garante que é aprendido por todos e asegura que todos deben usalo nun ou outro contexto social. O mesmo non se pode dicir do galego: hai espazos e medios sociais do noso país (o centro das maiores cidades, por caso) en que a súa presenza ambiental é tan escasa, que resulta case unha lingua estranxeira para as persoas que se moven fundamentalmente neses ámbitos. Por iso resulta tan importante impedir que determinados sectores sociais privilexiados consigan patrimonializar o concepto de bilingüismo cando en realidade eses sectores unicamente aspiran a vivir en Galiza ignorando o galego. O único xeito de garantir a igualdade entre os dous idiomas é incrementar a presenza, visibilidade e utilidade do galego e non reduci-la. Deste xeito, tamén a totalidade do sector castelanfalante da poboación acabará sendo bilingüe, pois se sentirá motivado para aprender o galego e se lle ofrecerán ocasións para usalo.

O bilingüismo restitutivo que propoñemos implicará a difusión da competencia comunicativa en galego e castelán ao conxunto da poboación, basicamente (pero non só) a través do medio educativo. Incentivará a motivación dos castelanfalantes para utilizar o galego, ao menos en certos contextos laborais / profesionais e públicos (nomeadamente, os relacionados co emprego público e os servizos ao público). E buscará multiplicar as ocasións de uso da lingua do país, especialmente para os sectores de idade máis novos, incidindo non só no sistema educativo, senón tamén nas actividades de lecer.

As políticas públicas de promoción da lingua galega e a estratexia política de promoción da nosa lingua non poden estar maioritariamente destinadas a galvanizar os lexítimos sentimentos dos que xa son galegofalantes, senón a saber interpelar e implicar os sectores castelanfalantes de Galicia, que dun xeito amplamente maioritario manteñen actitudes positivas cara ao galego e senten a necesidade da súa recuperación. Hai que procurar as fórmulas axeitadas para fomentar esas actitudes positivas, refugando fomentar o rexeitamento cara ao galego, e apoiarse nesas actitudes favorables para facilitar a adquisición de competencia comunicativa na lingua, e traducir esta nun uso efectivo do galego ao menos nalgunhas interaccións sociais.

CONCLUSIÓN: SUMAR, NON RESTAR, COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS. O CASTELÁN E O PORTUGUÉS

Como inevitable corolario do anterior, carece de sentido insistir na deslexitimación radical do castelán en Galicia, unha deslexitimación que pode ser sentida como unha agresión e unha ameaza, con efectos necesariamente contraproducentes, polos galegos castelanfalantes. Para conseguirmos un pacto de convivencia que sirva de marco a políticas eficaces de promoción do galego nun marco democrático e de liberdade individual, cómpre un previo recoñecemento mutuo dos grupos galegofalante e castelanfalante, isto é, o recoñecemento da estrita igualdade na cidadanía galega (e española) duns e outros. E ese pacto de convivencia e de futuro dificilmente poderá apoiarse nunha clave distinta á defensa do bilingüismo, tanto individual (capacidade de comunicación efectiva nas dúas linguas), coma colectivo (igualdade de dereitos e recoñecemento oficial das dúas linguas). Nese contexto, como dixemos, será factible o desenvolvemento das políticas eficaces de promoción do galego a que nos vimos referindo, que implican ao menos durante un período a acción afirmativa ou discriminación positiva do galego nunha serie de ámbitos clave da vida pública (nomeadamente, pero non só, o ensino).

Tamén é nese contexto, na nosa opinión, no que se debe colocar a cuestión da relación do galego co portugués e da utilidade deste para a Galicia futura. Entendemos que este debate debe ser desdramatizado e desfiloloxizado. A identidade do galego non debe ser posta en cuestión, ao tempo que se debe pór en valor a súa condición de idioma-ponte cara ao mundo luso-brasileiro. As políticas activas cara a este mundo, que deben ter carácter estratéxico, se artellarán arredor de tres eixos: a) a promoción da competencia comunicativa en lingua portuguesa para a cidadanía galega, que pasa por universalizar a oferta de estudo do portugués na educación secundaria e favorecer a circulación de produtos culturais e audiovisuais en portugués no noso país, b) a intensificación en ambos os sentidos dos contactos humanos, económicos e culturais cos países de lingua portuguesa, nomeadamente Portugal e Brasil e c) activas políticas de difusión do galego nestes países, ata conseguir unha mellora do coñecemento do noso idioma, a nosa cultura e o noso país (coa súa identidade propia) no ámbito lusofalante, un coñecemento que é soleira imprescindible para o pleno recoñecemento da nosa personalidade idiomática, cultural e nacional nese ámbito.

En definitiva, entendemos que estamos obrigados a reorientar o noso proxecto de futuro para o galego e o discurso público de defensa do noso idioma a partir de análises, reflexións e propostas na liña das que, rapidamente e a trazos grosos, viñemos desenvolvendo ata aquí, que loxicamente precisan dun

maior afondamento, refinamento e elaboración, a través dun debate aberto, construtivo e ilustrado, ao que esperamos que o presente texto sexa acollido como un contributo oportuno e esclarecedor.



Rúa Cabana 5-7 2º Dereita
15006. A Coruña
Tlf. 981 977 071
email: igea@igea.eu.com
web: <http://www.igea.eu.com>